

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

10462 *REAL DECRETO LEI 10/2001, do 1 de xuño, de adopción de medidas de carácter urxente para paliar los efectos producidos polas chuvias persistentes en determinados cultivos na Comunidade Autónoma de Andalucía.* («BOE» 132, do 2-6-2001.)

O exceso de humidade orixinado polas chuvias persistentes habidas no último trimestre do ano 2000 e no primeiro de 2001 ocasionou importantes perdas nos cultivos de amorodo e de cítricos da Comunidade Autónoma de Andalucía, fundamentalmente nas súas provincias occidentais, e especialmente na de Huelva, en canto ó cultivo do amorodo.

A reiteración desta adversidade climática nas últimas campañas incidiu moi negativamente na economía das explotacións dedicadas ó cultivo do amorodo e, en xeral, na dependente deste sector, que se viu afectado non só por importantes perdas de produción, senón tamén polo descenso de valor de mercado, ó vérense alterados polas chuvias continuas os ciclos normais de concorrencia nel dos continxentes de colleita.

As perdas de produción ocasionadas polas chuvias persistentes nos cultivos e territorios afectados configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación equiparable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

Tendo en conta que esta continxencia climática non ten aínda cobertura no marco do seguro agrario combinado, e sen prexuízo de que se prosigan os traballos para a súa inmediata incorporación a el, unha vez ultimados os estudos técnico-actuariais e que exista dispoñibilidade orzamentaria, faise necesario arbitrar medidas paliativas axeitadas, en consonancia coa natureza e incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e consecuentemente nas rendas dos agricultores, dentro do necesario marco de cooperación entre as Administracións competentes, compatibles co principio de fomento e extensión dos seguros agrarios e coa política desenvolvida neste ámbito nos últimos anos polo Goberno, así como co dereito comunitario.

Consecuentemente con iso, establécense nesta disposición indemnizacións de danos nas producións agrarias de cítricos e de amorodo afectadas polo exceso de precipitacións, exclusivamente cando estean aseguradas con pólizas en vigor do seguro agrario combinado e este risco non teña cobertura na regulación vixente do seguro agrario, e sempre que se realicen as actuacións necesarias para que se incorpore para as próximas campañas trallos correspondentes estudos técnico-actuariais e de viabilidade e exista dispoñibilidade orzamentaria.

Así mesmo, prevénse, en determinadas condicións, bonificacións de xuros ós préstamos que as entidades financeiras poidan conceder ós titulares das explotacións afectadas nas producións de cítricos ou de amorodo

con pólizas en vigor do seguro agrario combinado no momento da percepción da bonificación e, se é o caso, ás asociacións ou organizacións de produtores e cooperativas agrarias do sector do amorodo.

Co fin de adecuar a carga fiscal á capacidade contributiva dos titulares das explotacións agrarias que viron afectadas as súas producións por esta meteoroloxía adversa, estipúlanse medidas de redución nos índices de rendemento neto correspondentes do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, ó propio tempo que se flexibilizan os pagamentos das cotas á Seguridade Social, mediante a concesión de moratorias sen xuro.

O limiar de perdas de produción bruta para acceder ós beneficios regulados nesta disposición fíxase, para as producións cítricas afectadas, nun 50 por 100 respecto á correspondente a un ano normal e nun 30 por 100 no cultivo do amorodo, en atención, neste caso, á reiteración dos prexuízos orixinados por esta incidencia meteorolóxica nas últimas campañas, así como polos elevados gastos realizados neste cultivo, especialmente os derivados do traballo que se viron incrementados polos necesarios labores de selección, recolla e destrución da froita non comercializable.

Na adopción das medidas incorporadas neste real decreto lei, pola súa natureza e finalidade, concorre a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que esixe o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei.

Este real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a, 14.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e réxime da Seguridade Social.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta dos ministros de Facenda; de Traballo e Asuntos Sociais, e de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xuño de 2001,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto establecer medidas de apoio e, se é o caso, a concesión de axudas ós titulares das explotacións agrarias situadas nas provincias, comarcas, termos municipais ou zonas da Comunidade Autónoma de Andalucía que, por causa das chuvias persistentes habidas durante a campaña 2000-2001, sufrisen unhas perdas medias de produción bruta, correspondente a esa campaña, superiores ó 30 por 100 no cultivo do amorodo ou ó 50 por 100 nos cultivos de cítricos.

2. Os ámbitos territoriais de aplicación das medidas previstas neste real decreto lei son os que figuran no anexo.

Artigo 2. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

Os danos causados polas chuvias persistentes habidas na campaña 2000-2001, nas producións agrarias aseguradas con pólizas en vigor do seguro agrario combinado, regulado pola Lei 87/1978, do 28 de decembro, serán obxecto de indemnización cando os riscos que os orixinen non estean cubertos polas ordes reguladoras das condicións de aseguramento e sen prexuízo de que en próximas campañas estes queden incorporados tralos correspondentes estudos técnico-actuariais.

Artigo 3. *Bonificación de xuros.*

1. Establécese unha bonificación de xuros ós préstamos que concedan as entidades financeiras ós titulares de explotacións agrarias, con pólizas en vigor do seguro agrario no momento de percepción dela, afectados polas chuvias persistentes nos termos previstos no artigo 1, nos cultivos de amorodo ou de cítricos e, se é o caso, ás asociacións ou organizacións de produtores e cooperativas agrarias do sector do amorodo afectado, que teñan entre os seus fins a subministración de insumos ós titulares asociados e, se é o caso, a outros titulares dentro dos límites legais establecidos.

A taxa de bonificación será de dous puntos porcentuais de xuro, sen superalo 50 por 100 do tipo de xuro dos préstamos.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación regulará as condicións de concesión das bonificacións de xuros dos préstamos.

Os importes dos préstamos, con xuro bonificado, destinados ós titulares de explotacións agrarias afectadas polas chuvias persistentes nos cultivos de amorodo ou de cítricos serán os que resulten de aplicar os módulos unitarios correspondentes, sen superalas contías de 5.000.000 de pesetas por titular persoa física e de 15.000.000 de pesetas no suposto de persoas xurídicas ou comunidades de bens. Estas contías máximas refírense ó conxunto de explotacións de cada titular afectadas polas chuvias persistentes.

Os módulos máximos unitarios de préstamo, aplicables, con xuro bonificado, fíxanse en 2.000.000 de pesetas por hectárea no cultivo de amorodo e en 100.000 pesetas por hectárea nos cultivos de cítricos.

Os importes dos préstamos, con xuro bonificado, destinados ás asociacións ou organizacións de produtores e cooperativas agrarias do sector do amorodo afectado serán os que resulten de aplicar o módulo unitario deste cultivo á superficie de amorodo afectada correspondente a titulares asociados á entidade beneficiaria ou, se é o caso, a outros titulares dentro dos límites legalmente establecidos, tendo en conta que un mesmo titular só será considerado nunha entidade beneficiaria e que a contía máxima computable por titular non deberá superar os límites de 5.000.000 de pesetas se é persoa física ou 15.000.000 de pesetas no suposto de persoas xurídicas ou comunidades de bens.

Os prazos máximos de amortización dos préstamos con xuro bonificado serán de catro anos para os destinados a titulares de explotacións agrarias afectadas nos cultivos de amorodo ou de cítricos e dun ano para os destinados ás asociacións ou organizacións de produtores e cooperativas agrarias do sector do amorodo afectado.

3. O volume global máximo de préstamo con xuro bonificado é de 16.000 millóns de pesetas, fíxandose en 10.000 millóns de pesetas o límite global para os préstamos destinados a titulares de explotacións agrarias afectadas nos cultivos de amorodo ou de cítricos e en 6.000 millóns de pesetas o correspondente ós desti-

nados ás asociacións ou organizacións de produtores e cooperativas agrarias do sector do amorodo afectado.

O volume de préstamo con xuro bonificado destinado ós titulares de explotacións agrarias sinalados no parágrafo anterior, que exceda, se é o caso, do total solicitado, dentro do límite establecido, poderá incrementar, se fose necesario, o límite global establecido para os préstamos destinados ás asociacións ou organizacións de produtores e cooperativas do sector do amorodo afectado.

O exceso, se é o caso, do importe global dos préstamos susceptibles de recoñecemento de dereito a bonificación de xuro sobre o volume máximo global de 16.000 millóns de pesetas establecido neste artigo, dará lugar a reducións na contía dos préstamos bonificables, por rateo do exceso entre as solicitudes, tendo en conta tamén a superficie afectada e o nivel das perdas sufridas en cada caso.

4. As bonificacións previstas neste artigo serán compatibles coas que poida establecer a Comunidade Autónoma de Andalucía con cargo ós seus orzamentos para os mesmos préstamos e, se é o caso, da mesma contía, sen superar entrambas o tipo de xuro fixado pola entidade financeira ó prestameiro, axustándose, en todo caso, ós máximos establecidos nas directrices comunitarias correspondentes.

Artigo 4. *Avais para os préstamos bonificados.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subvencionar os avais concedidos, se é o caso, pola «Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria» (SAECA), cando sexan necesarios para a concesión ós titulares de explotacións agrarias dos préstamos de xuro bonificado previstos no artigo 3 deste real decreto lei.

O importe da subvención destinarase a financiar o custo do aval correspondente á comisión de xestión, que se acordará con SAECA sen superar un punto porcentual anual sobre o saldo vivo dos préstamos avalados.

2. Esta subvención será compatible coa que poida conceder a Comunidade Autónoma de Andalucía coa mesma finalidade; nese caso a subvención do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación terá a mesma contía que esta última, sen superaren entrambas o custo total do aval.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribi-lo oportuno convenio de colaboración con SAECA para os efectos de regular as condicións dos avais subvencionados previstos neste artigo.

Artigo 5. *Cotas da Seguridade Social.*

1. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e os titulares de explotacións agrarias incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, nos territorios afectados polas chuvias persistentes nos termos previstos no artigo 1, gozarán dunha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das súas cotas fixas mensuais correspondentes ó período comprendido entre os días 1 de xaneiro e 30 de xuño de 2001, ambos incluídos, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

2. Así mesmo, concederase unha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das cotas empresariais por xornadas reais do réxime especial agrario da Seguridade Social, correspondentes ó período sinalado no punto anterior, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

3. A moratoria e, se é o caso, a devolución das cotas, deberán ser solicitadas polos afectados dentro do prazo, e cos requisitos que para o efecto determine o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través do organismo competente.

Artigo 6. Modificación no rendemento neto das actividades agrarias no réxime de estimación obxectiva para efectos de tributación no imposto sobre a renda das persoas físicas.

O Ministerio de Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto, ós que se refire a Orde do 29 de novembro de 2000, que desenvolve para o ano 2001 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente ás actividades agrarias afectadas nos termos previstos no artigo 1 desta disposición.

Artigo 7. Financiamento.

O custo das medidas que se recollen no artigo 2 deste real decreto lei financiarase con cargo a recursos do organismo autónomo Entidade Estatal de Seguros Agrarios, incluídos os remanentes do crédito dotado en virtude do establecido no Real decreto lei 20/1999, e o custo das que se recollen nos artigos 3 e 4 serao con cargo ás dotacións orzamentarias do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Para estes efectos realizaranse as modificacións orzamentarias que procedan, de conformidade co disposto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, sen que resulten de aplicación as limitacións establecidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria en relación coas transferencias de crédito que cumpra efectuar para dotar os créditos correspondentes.

Disposición adicional primeira. Títulos competenciais.

Este real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a, 14.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúen ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e réxime da Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. Compatibilidade das axudas co mercado común.

As resolucións de concesión das axudas reguladas neste real decreto lei quedarán condicionadas á decisión positiva da Comisión da Unión Europea sobre compatibilidade delas co mercado común, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.

Facúltase os ministros de Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais e de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

ANEXO

Ámbitos territoriais de aplicación

Cultivo de amorodo

Provincia de Cádiz:

Algodonales, Arcos de la Frontera, Bornos, Conil, Prado del Rey, Puerto Serrano, Villamartín.

Provincia de Huelva:

Aljaraque, El Almendro, Almonte, Ayamonte, Beas, Bollullos del Condado, Bonares, Calañas, Cartaya, Chucena, Escacena, Gibraleón, Hinojos, Huelva, Isla Cristina, La Palma del Condado, Lepe, Lucena del Puerto, Manzanilla, Moguer, Niebla, Palos de la Frontera, Punta Umbría, Rociana del Condado, San Bartolomé de la Torre, San Juan del Puerto, Trigueros, Villablanca, Villalba de Alcor, Villanova de los Castillejos, Villarrasa.

Provincia de Sevilla:

Arahal, El Coronil, Fuentes de Andalucía, La Puebla de Cazalla, Marchena, Montellano, Morón de la Frontera, Palmar de Troya, Paradas, Utrera.

Cultivo de cítricos

Provincia de Cádiz:

Jimena de la Frontera e Los Barrios.

Provincia de Córdoba:

Palma del Río.

Provincia de Huelva:

Alajar, Aljaraque, Alcacena, Almendro El, Almonaster la Real, Almonte, Alosno, Aroche, Ayamonte, Beas, Berrocal, Bollullos del Condado, Bonares, Calañas, Campillo El, Campofrío, Cartaya, Chucena, Cortegana, Gibraleón, Granada El, Hinolajes, Hinojos, Huelva, Isla Cristina, Lepe, Linares de la Sierra, Lucena del Puerto, Minas de Riotinto, Moguer, Nerva, Niebla, Palma del Condado La, Palos de la Frontera, Paterna del Campo, Punta Umbría, Redondela La, Rociana del Condado, San Bartolomé de las Torres, San Juan del Puerto, Sanlúcar de Gadiana, Santa Bárbara de Casa, San Silvestre de Guzmán, Trigueros, Valverde del Camino, Villablanca, Villanueva de las Cruces, Villarrasa, Villanueva de los Castillejos, Villalba del Alcor, Zalamea la Real.

Provincia de Málaga:

Casares, Cortés de la Frontera, Gaucín, Manilva.

Provincia de Sevilla:

Alcalá de Guadaira, Alcalá del Río, Alcolea del Río, Algaba La, Aznalcázar, Aznalcóllar, Bollullos de la Mitación, Brenes, Burguillos, Cantillana, Carmona, Coria, Dos Hermanas, Gelves, Guillena, Lora del Río, Mairena del Alcor, Palacios Los, Peñaflor, Rinconada La, San José de la Rinconada, Sanlúcar la Mayor, Santiponce, Tocina, Utrera, Villanueva del Río e Minas, Villaverde del Río, Viso El.